

Publicación da RAG coa onomástica da novela «Costa do Solpor», de Xosé María Lema

Na novela do vimiancés hai uns 286 nomes propios distintos: 245 antropónimos, 7 zoónimos (nomes de animais) e 34 naónimos (nomes de barcos)



BASILIO BELLO

CARBALLO / LA VOZ 02/03/2018 05:00 H

A Real Academia Galega (RAG) vén de publicar, con edición de Ana I. Boullón e Luz Méndez, as actas do Simposio «Estudos de Onomástica Galega II. Os nomes e apelidos: aspectos legais, sociais e lingüísticos». Levouse a cabo o pasado 30 de setembro no Museo de Pontevedra, organizado pola Sección de Lingua/ Seminario de Onomástica da RAG, e nel, ademais das comunicacións de especialistas na materia, como Consuelo Castro, Encarna Desi, Gonzalo Navaza, Ana I. Boullón, Anxos Sobrino e Valentina Formoso, houbo unha mesa redonda. Moderada pola locutora Marga Pazos, versou sobre «Os nomes propios da ficción literaria e audiovisual» e nela participaron Xosé Castro e Araceli Gonda, guionistas de series da TVG, e mais Xosé María Lema, vimiancés autor da novela Costa do Solpor, da que explicou a escolla dos nomes propios. Agora, estas actas publicadas pola Real Academia Galega permiten ter acceso a toda esa información e, por tanto, coñecer tamén máis polo miúdo esta obra e, tamén, as causas pola que se elixiron, por exemplo, os nomes específicos dos 18 personaxes principais, xunto con 3 de animais e 7 de barcos.

Tal e como lembraba onte mesmo Xosé María Lema, en Costa do Solpor hai uns 286 nomes propios distintos: 245 antropónimos, 7 zoónimos (nomes de animais) e 34 naónimos (nomes de barcos). Todos, conta, tiveron una razón de peso para figuraren na novela. Dos 245 antropónimos, 126 están presentes na trama e 119 soamente fican citados. Deses 126, considera o autor 18 como personaxes principais, e é neles nos que se centra para explicar os motivos que o levaron a escoller os seus nomes propios, hipocorísticos, apelidos e, tamén, alcumes.